


La vuelta al mundo en 80 días



Un dos contos que lemos este ano en 5º foi “La vuelta al Mundo en 80 días”, un relato de Julio Verne e adaptado por Ana Alonso.

Esta historia está repleta de aventuras xa que os protagonistas terán que dar a volta o mundo co cal valores coma o misterio, a curiosidade, a intriga, a amizade e especialmente a aventuras serán fundamentais para esta obra que tanto gustou aos alumnos e alumnas.

Para aprender os diversos valores e tamén para lograr un mellor coñecemento das diferentes culturas e países polos que viaxaron fixemos diferentes actividades ao longo da lectura e que abordaremos a continuación:

➤ **Actividades previas a lectura**

Para o cal levamos a cabo en primeiro lugar unha chuvia de ideas sobre o libro, se o coñecían, se virán algunha serie de televisión sobre o tema...

Abordamos as seguintes preguntas para afondar e coñecer a historia antes da súa lectura:

-Sobre que cremos que vai ir o conto? Quen ou quenes serán os protagonistas? Que lles sucederá? Que pasará ao longo da historia? Que credes que imos aprender con este libro?

➤ **Actividades durante a lectura**

Fixemos 2 tipos de lectura da obra:

- Por un lado unha lectura individual para atender a diversidade de ritmos, intereses, aprendizaxes e facilitar a comprensión das nosas alumnas e alumnos.
- Por outro lado unha lectura grupal, parando para debater o que imos aprendendo da historia e falando dos diferentes personaxes para ver que cousas boas fan, que cousas malas, en que poden mellorar

➤ **Actividades despois da lectura**

Fixemos diferentes actividades relacionadas coa lectura para mellorar a capacidade de comprensión lectora. Entre as actividades realizadas destacar:

- Mapamundi:

Ir coloreando nun mapa mundi os diferentes países polos que pasaron así como a ruta que seguiron, coñecendo un pouco máis sobre estes países, así como algunhas costumes, lugares de interese e curiosidades sobre os mesmos.

- Actividades para profundizar nas personaxes:

Diferentes actividades que nos serviron para coñecer máis sobre os personaxes e mesmo continuar nós a súa vida ou crear un punto de partida sobre a mesma.

- Actividades para profundizar na súa comprensión e de reflexión final:

Para comprobar a súa capacidade de comprensión e para buscar unha reflexión profunda sobre a obra e diferentes aspectos da mesma.